



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O  
DÍA 29 DE DECEMBRO DO 2015.**

**ASISTENTES:**

**Alcalde-Presidente:**

D. JOSE IGNACIO GOMEZ PEREZ  
(PSOE)

**Concelleiros/as :**

D. RICARDO GONZALEZ AMARO  
(PSOE)

D<sup>a</sup>. MARIA LOPEZ TOUZA (PSOE)

D. JAVIER IGLESIAS SENDÍN  
(PSOE)

D<sup>a</sup>. NOELIA RODRIGUEZ  
TRAVIESO (PSOE)

D. CESAR MANUEL FERNANDEZ  
GIL (PP)

D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ  
(PP)

D<sup>a</sup> CLARA LOEDA SOTO (PP)

D. CELSO SOTELO BARROSO (PP)

D<sup>a</sup> MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ  
(PP)

D. ANXO COLLARTE PEREZ (BNG)

D. BRAIS FIDALGO MARTINEZ  
(AGRUPACION DE ELECTORES  
RIBEIRO EN COMUN)

D. MANUEL VAZQUEZ LOPEZ  
(CxG-CCTT)

**Secretario Xeral:**

Vicente Soto Rodriguez

**Interventor:**

Vicente Soto Rodríguez

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 19:00 horas do día vintenove de decembro de 2015 reúnese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as relacionados na marxe, actuando como Secretario, Vicente Soto Rodríguez, asistindo o responsable do departamento de Intervención, Vicente Soto Rodríguez.

\*\*\*\*\*



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida celebración da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese ao análise dos puntos da orde do día.

**1.- APROBACIÓN DO BORRADOR DAS ACTAS DAS ÚLTIMAS SESIÓNS CELEBRADAS, QUE FORON AS DO 23 E 26 DE NOVEMBRO PASADO (EXTRAORDINARIA E ORDINARIA RESPECTIVAMENTE).**

Pola Presidencia pregúntase aos asistentes se existe algunha obxección as actas do 23 e 26 de Decembro de 2015, ao que se lle resposta negativamente, resultando aprobadas por unanimidade dos asistentes.

**2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDIA DE ACORDO CO EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-**

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións de Alcaldía ditadas dende a sesión anterior, e que se relacionan de seguido:

Do 12 de novembro; unha, sobre aboamentos.

Do 18 de novembro; unha, sobre aboamentos.

Do 21 de novembro; unha, sobre aboamentos.

Do 23 de novembro; dúas, sobre aboamentos.

Do 24 de novembro; unha, sobre aboamentos.

Do 25 de novembro; unha, sobre aboamentos.

Do 26 de novembro; dúas, unha sobre concesión de vacacións; unha sobre aboamentos.

Do 27 de novembro; cinco, tres sobre arquivo de expediente; dúas, sobre aboamentos..

Do 30 de novembro; sete; unha, sobre concesión servizo xantar na casa; unha, sobre concesión vacacións; dúas, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre concesión servido axuda no fogar; dúas, sobre aboamentos.

Do 1 de decembro; tres, unha sobre concesión de vacacións; dúas, sobre aboamentos.

Do 2 de decembro; tres, unha, sobre denegación eficacia comunicación previa obra; unha sobre estado inmovible en Progreso, nº 48; unha, sobre aboamentos.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Do 3 de decembro; dúas; unha sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre concesión de vacacións.

Do 4 de decembro; cinco, dúas, sobre concesión de vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa actividade; dúas, sobre aboamentos.

Do 5 de decembro; unha, sobre eficacia comunicación previa actividade.

Do 07 de decembro, tres; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa actividade; unha, sobre aboamentos.

Do 09 de decembro; catro, unha, sobre denegación eficacia comunicación previa obra; dúas, sobre expedición tarxeta accesibilidade; unha, sobre aboamentos.

Do 10 de decembro, catro, unha sobre arquivo de expediente; tres, sobre aboamentos.

Do 14 de decembro; dúas, unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 15 de decembro; unha, sobre concesión de vacacións.

Do 16 de decembro, catro; tres, sobre concesión de vacacións; unha sobre aboamentos.

Do 17 de decembro, seis, unha sobre iniciación comunicación previa obra; unha, sobre arquivo expediente; tres, sobre aboamentos; unha sobre arquivo expediente.

Do 18 de decembro; tres, unha sobre reposición legalidade; dúas, sobre aboamentos.

Do 21 de decembro; unha, sobre concesión de vacacións.

Do 22 de decembro; tres, unha, sobre redución xornada de empregado; dúas, sobre aboamentos.

Do 23 de decembro; dúas, unha, sobre arquivo expediente; unha sobre aboamentos.

Do 28 de decembro; unha, sobre eficacia comunicación previa obra.

### **3.- DAR CONTA DO INFORME DO SECRETARIO E INTERVENTOR DO CONCELLO SOBRE A PROVISIÓN DA PRAZA DE TESOURERÍA MUNICIPAL.-**

Os concelleiros integrantes do Pleno quedan enterados do informe do Secretario e Interventor do Concello sobre a provisión da praza de Tesourería municipal,



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

manifestando a súa conformidade coa proposta de nomeamento o funcionario que ata agora viña desempeñando o posto de Tesourería Municipal.

De seguido transcribese o referido informe:

### **" INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN.**

**VICENTE SOTO RODRIGUEZ**, Secretario-Interventor do Concello de Ribadavia, en cumprimento da providencia da Presidencia de data 27 de novembro de 2015 e en base ó disposto nos artigos 3.a) e 4.1.h) do Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, teñen a ben emitir o presente informe:

#### **CONSIDERACIÓNS DE FEITO:**

1ª.- Con data 11 de xullo de 2015 entrou en vigor a modificación da disposición transitoria sétima da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, levada a cabo pola disposición final segunda da Lei 18/2015, do 9 de xullo, pola que se modifica a Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público.

2ª.- Con data 4 de setembro de 2015 (nº de asento no rexistro de entrada de documentos concello: 4326) tivo entrada nas oficinas municipais notificación do Decreto de data 1 de setembro de 2015 do Presidente da Deputación Provincial de Ourense en relación coa problemática respecto da provisión das funcións de tesouraría nas entidades locais con Secretaría clasificada en clase 2ª e 3ª, no que, entre outros extremos, se resolve declarar a imposibilidade de que por parte da Deputación Provincial se poida proceder de forma xeneralizada ao nomeamento de funcionarios provinciais para o desempeño das funcións de Tesouraría en todas as entidades locais da provincia cuxas secretarías estean clasificadas en clase 2ª e 3ª e que non poidan prover a Tesouraría mediante funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

#### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:**

**PRIMEIRA.-** Lexislación aplicable.

- Disposición transitoria sétima da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, na súa redacción dada pola Disposición final segunda da Lei 18/2015, do 9 de xullo, pola que se modifica a Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladoras das bases do réxime local.
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

- Real Decreto 1732/1994, do 29 de xullo, sobre provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.
- Decreto 49/2009, de 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal.
- Real Decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Real Decreto-lei 10/2015, de 11 de setembro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento do Estado e adóptanse outras medidas en materia de emprego público e de estímulo á economía.

**SEGUNDA.-** O número 1 da Disposición transitoria sétima da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, na súa redacción dada pola Disposición final segunda da Lei 18/2015, do 9 de xullo, pola que se modifica a Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público, establece que: “1. *En tanto non entre en vigor o Regulamento previsto no artigo 92 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e en todo aquilo que non se opoña ao disposto nesta Lei, mantén a súa vixencia a normativa regulamentaria referida aos funcionarios incluídos no ámbito de aplicación do citado artigo.*”

*Ata o 31 de decembro de 2016, salvo prórroga pola correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado, excepcionalmente, cando nas Corporacións Locais cuxa poboación sexa inferior a 20.000 habitantes quede acreditado mediante informe ao Pleno, a imposibilidade de que as funcións de tesourería e recadación sexan desempeñadas por un funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional, xa sexa con carácter definitivo, provisional, acumulación ou agrupación, ditas funcións poderán ser exercidas por funcionarios de carreira da Deputación Provincial ou entidades equivalentes, de acordo co previsto no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, ou cando quede acreditado que isto non resulta posible, por funcionarios de carreira que presten servizos na Corporación Local. En ambos os casos, deberán ser funcionarios de carreira e actuarán baixo a coordinación de funcionarios do grupo A1 das Deputacións Provinciais ou entidades equivalentes.”*

**TERCEIRA.-** O artigo 90.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladoras das bases do réxime local, establece que: “1. *Corresponde a cada Corporación local aprobar anualmente, a través do Orzamento, o cadro de persoal, que deberá comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual.*”

*Os cadros de persoal deberán responder os principios de racionalidade, economía e eficiencia e establecerse de acordo coa ordenación xeral da economía, sen que os gastos de persoal poidan pasar os límites que se fixen con carácter xeral.”*



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

**CUARTA.-** O artigo 90.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladoras das bases do réxime local, establece que: “2. *As Corporacións locais formarán a relación de todos os postos de traballo existentes na súa organización, nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública.*”

*Corresponde ao Estado establecer as normas con arranxo ás cales haxan de confeccionarse as relacións de postos de traballo, a descrición de postos de traballo tipo e as condicións requiridas para a súa creación, así como as normas básicas da carreira administrativa, especialmente polo que se refire á promoción dos funcionarios a niveis e grupos superiores.”*

**QUINTA.-** O artigo 126 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, establece que: “1. *Os cadros de persoal, que deberán comprender todos os postos de traballo debidamente clasificados reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, aprobaranse anualmente con ocasión da aprobación do Orzamento e haberán de responder os principios enunciados no artigo 90.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril. A elas uniranse os antecedentes, estudos e documentos acreditativos de que se axustan aos mencionados principios.*”

*2. Os cadros de persoal poderán ser ampliados nos seguintes supostos:*

*a) Cando o incremento do gasto quede compensado mediante a redución doutras unidades ou capítulos de gastos correntes non ampliables.*

*b) Sempre que o incremento das dotacións sexa consecuencia do establecemento ou ampliación de servizos de carácter obrigatorio que resulten impostos por disposicións legais.*

*O establecido neste apartado será sen prexuízo das limitacións específicas contidas en leis especiais ou conxunturais.*

*3. A modificación dos cadros de persoal durante a vixencia do Orzamento requirirá o cumprimento dos trámites establecidos para a modificación daquel.*

*4. As relacións dos postos de traballo, que terán en todo caso o contido previsto na lexislación básica sobre función pública, confeccionaranse con arranxo ás normas previstas no artigo 90.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril.”*

**SEXTA.-** De conformidade co disposto no artigo 2 do Real Decreto 1732/1994, do 29 de xullo, sobre provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional (vixente en tanto non entre en vigor o Regulamento previsto no artigo 92 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e en todo aquilo que non se opoña ao disposto nesta Lei), a competencia de execución en materia de clasificación de postos de traballo



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional corresponde ás Comunidades Autónomas, dentro do seu ámbito territorial.

**SÉTIMA.-** O artigo 9 do Real Decreto 1732/1994, do 29 de xullo, sobre provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional (vixente en tanto non entre en vigor o Regulamento previsto no artigo 92 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e en todo aquilo que non se opoña ao disposto nesta Lei), establece que: *“Os expedientes de clasificación serán resoltos polo órgano competente da Comunidade Autónoma respectiva. As resolucións correspondentes publicaranse nos diarios oficiais. Ditas publicacións serán remitidas á Dirección Xeral da Función Pública e publicadas conxuntamente por esta no «Boletín Oficial do Estado» polo menos con carácter trimestral.”*

**OITAVA.-** De conformidade co disposto no artigo 3.1 do Decreto 49/2009, de 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal (vixente en tanto non entre en vigor o Regulamento previsto no artigo 92 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e en todo aquilo que non se opoña ao disposto nesta Lei), a clasificación de postos de traballo reservados a funcionarios/as con habilitación de carácter estatal no ámbito territorial da Comunidade Autónoma galega será efectuada pola consellería competente en materia de réxime local.

**NOVENA.-** O artigo 10 do Decreto 49/2009, de 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal (vixente en tanto non entre en vigor o Regulamento previsto no artigo 92 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e en todo aquilo que non se opoña ao disposto nesta Lei), establece que: *“1. Os procedementos de creación de postos de traballo reservados a funcionarios/as con habilitación de carácter estatal levan a súa clasificación conforme ao previsto no artigo 3º.*

*2. A clasificación dos devanditos postos iniciarase a instancia da entidade local interesada e deberán conter, cando menos:*

- a) Unha memoria xurídica e económica xustificativa da clasificación.*
- b) Certificación acreditativa dos recursos de que dispón a entidade local segundo o último orzamento aprobado.*
- c) Certificación da última cifra do padrón municipal.*
- d) Certificacións de secretaría dos acordos adoptados pola corporación relativos á relación de postos de traballo ou persoal correspondente, ou, no seu caso, modificación dos mesmos, e certificación do resultado do sometemento da devandita relación a información pública.*



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

3. Nos casos en que proceda a modificación da clasificación dos postos reservados por incrementarse a poboación e/ou o orzamento da entidade local conforme ao disposto nesta sección, e non iniciarse por aquela coa documentación requirida a pesar de manterse esas novas condicións por cinco anos continuados, a consellería competente en materia de réxime local poderá instar á entidade local a tal fin. De non atenderse devandito requirimento acompañando toda a documentación indicada, poderá levalo a cabo de oficio con audiencia da entidade.

4. A clasificación será resolta pola persoa titular da consellería competente en materia de réxime local. Dita resolución publicarase no Diario Oficial de Galicia, coa excepción do previsto no artigo 8º, remitíndose ao BOE aos mesmos efectos.

5. As características esenciais dos postos de traballo que se cren ao amparo do presente decreto quedarán reflectidas nas relacións de postos de traballo das entidades locais de que se trate.

6. A supresión de postos reservados seguirá o procedemento regulado no presente artigo.

7. As modificacións na clasificación ou forma de provisión de postos de traballo non afectarán os destinos dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal que os estivesen desempeñando con carácter definitivo, aínda que non pertencen á subescala e categoría correspondente.”

**DÉCIMA.-** O exposto engádese que no Boletín Oficial do Estado de data 12 de setembro de 2015 foi publicado o Real Decreto-lei 10/2015, de 11 de setembro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento do Estado e adóptanse outras medidas en materia de emprego público e de estímulo á economía.

No seu articulado recóllese:

“Artigo 3. Modificación da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Modifícase o apartado 2 do artigo 92 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, que queda redactado como segue:

“2. A escala de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional se subdivide nas seguintes subescalas:

a) Secretaría, á que corresponden as funcións contidas no apartado 1.a) anterior.

b) Intervención-tesourería, á que corresponden as funcións contidas no apartado 1.b).





Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

*c) Secretaría-intervención á que corresponden as funcións contidas nos apartados 1.a) e 1.b).”*

Na súa exposición de motivos esta modificación se justifica así:

*“En relación ao réxime de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional para as funcións de tesorería, urxe aprobar unha reforma lexislativa que permita atribuír o exercicio destas funcións á subescala de secretaría-intervención, na liña de profesionalización destas funcións introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.*

*Con iso avánzase na profesionalización e a eficacia das funcións reservadas a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.*

*Dada a recente constitución das Corporacións Locais, queda acreditada a extraordinaria e urxente necesidade, a fin de evitar a paralización destas funcións na maioría dos Concellos.”*

### **CONCLUSIÓNS:**

Polo exposto ponse de manifesto a imposibilidade de cobertura do posto de tesourería por funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional, xa que os orzamentos desta entidade non previron esta eventualidade nin a creación da praza de funcionario de habilitación nacional e polo tanto tampouco foi posible efectuar as dotacións orzamentarias correspondentes.

Dada esta situación e visto o Decreto da Presidencia da Deputación Provincial de Ourense de data 01.09.2015, o procedente sería solicitar de asistencia á Deputación Provincial para a designación de funcionario de carreira da Corporación Provincial.

Se ben ante unha previsible resposta desfavorable á solicitude formulada á Deputación Provincial tendo en conta o informe da Secretaria xeral da Deputación Provincial de data 28.08.2015, procederase ao nomeamento dun funcionario propio da entidade local para a realización das funcións de tesourería e recaudación. Este funcionario actuará baixo a coordinación dun funcionario do grupo A1 da Deputación.

Ata a data de hoxe o posto de Tesourería ben sendo desempeñado dunha maneira satisfactoria por un funcionario de carreira da Corporación Municipal, o cál dispón da titulación esixida para o acceso o posto de Tesourería.

Procede, en consecuencia, ante a imposibilidade da provisión da tesourería mediante habilitado nacional, e conformidade coa normativa de aplicación e co disposto no precitado Decreto da Presidencia da Deputación Provincial de Ourense de data 1 de setembro de 2015:



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Solicitar a Deputación o nomeamento de funcionario coordinador do funcionario de carreira da Corporación Municipal nomeado para o posto, o cál dispón da titulación esixida para o acceso o posto de Tesourería, con efectos ata o 31 de decembro de 2015, sen prexuízo da posibilidade da súa prórroga durante o exercicio 2016, en caso de que se manteñan as causas que o motivaron, mediante instancia subscrita pola Presidencia, acompañando a documentación referida no precitado Decreto, a saber:

- Certificado da dación de conta ao Pleno do Concello do informe xustificativo da imposibilidade de proceder á provisión da tesourería municipal mediante un funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional, xa sexa con carácter definitivo, provisional, acumulación ou agrupación, no que conste a transcripción literal do dito informe.

- Certificado do secretario-interventor da entidade local no que se indique o número de funcionarios de carreira de que dispón a entidade local, expresando a súa escala ou subescala, categoría e titulación. Ribadavia, 9 de decembro de 2015".

#### **4.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G. A FAVOR DUN SISTEMA DE FINANCIAMENTO SUFICIENTE PARA OS NÓSOS CONCELLOS.-**

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Facenda de data 22 de decembro de 2015, co seguinte tenor literal: "De seguido o Sr. Presidente da conta da seguinte proposta que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:

#### **"MOCIÓN A FAVOR DUN SISTEMA DE FINANCIAMENTO SUFICIENTE PARA OS NÓSOS CONCELLOS**

##### **EXPOSICION DE MOTIVOS.-**

As institucións locais galegas necesitan un novo o sistema de financiamento que recolla as demandas da propia Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) que considera que os actuais "criterios de reparto seguen a prexudicar dun xeito notable aos concellos galegos".

A Lei reguladora das Facendas Locais (RD 2/2004) é a base do sistema de financiamento local vixente. Segundo a FEGAMP, dende 2004 os concellos galegos recibiron do Estado 1.376 millóns de euros menos do que lle correspondería pola súa poboación. Os últimos datos poñen de manifesto que os nosos concellos recibiron 196 € por habitante, fronte aos 245 de media na Participación de Ingresos do Estado (PIE).

Por riba, son os concellos máis pequenos os máis prexudicados, malia contar cunha poboación dispersa e envellecida. Segundo a FEGAMP, os que non chegan aos 5.000 habitantes perciben un anticipo medio de 178 euros por veciño. Os 92 que teñen entre 5.001 e 20.000 habitantes ingresarán 186.

Compre un novo sistema de financiamento que logre, en palabras da propia FEGAMP «corrixir a discriminación histórica que sofre Galicia».

Por estes motivos o Pleno do Concello de Ribadavia adopta os seguintes



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

### **ACORDOS:**

1. Instar á FEGAMP a esixir do Goberno do Estado un novo sistema de financiamento local que atenda o custe de prestación dos servizos nas zonas rurais e recolla nos seus criterios a dispersión e o despoboamento como incentivos de financiamento municipal.
2. Instar ao Xunta de Galicia a que esixa un sistema de financiamento local que corrixa os prexudiciais criterios de reparto actuais.
3. Dar traslado do presente acordo aos demais concellos da comarca do Ribeiro e a FEGAMP.

De seguido sometese a votación ordinaria proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, cinco (P.S.O.E, B.N.G., Agrupación de Electores Ribeiro en Comun e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reservanse para o Pleno os membros do P.P.. Por conseguinte por maioría absoluta fica ditaminada favorablemente".

Intervén o Sr. Collarte Perez, para explicar o contido da proposta presentada, indicando que a participación nos ingresos do Estado dos Concellos galegos está moi por debaixo da media estatal, indicando que se se aboase a mesma cantidade que o resto do Estado o Concello percibiría unha cantidade a maiores de 300.000 euros; dí que a propia Fegamp en un documento sobre a financiación das entidades locais fala dunha discriminación histórica e fai un chamamento a correxila. Finaliza a súa intervención dicindo que na lexislatura que está apiques de comenzar deberá abordarse unha nova lei de facendas locais para correxir ditas deficiencias.

Os voceiros dos grupos municipais de Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes e Agrupación de Electores Ribeiro en Común, manifestan o seu apoio a proposta presentada.

O Sr. Fernández Gil, voceiro do grupo municipal do P.P., mostrase favorable a proposta indicando que xa no seu momento neste pleno pronunciose favorable a unha reforma do financiamento local; dí que na lei de reacionalización e sostenibilidade da Administración Local xa se clarexou o ámbito competencial, se ben para poder desenvolver ditas competencias hai que ter financiación que é o que agora nos debe ocupar.

O Sr. Iglesias Sendín, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., manifesta o apoio do seu grupo a proposta presentada, xa que todo o que sexa beneficiar aos Concello e en concreto os seus recursos para atender as necesidades dos veciños, benvido sexa.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita proposta, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

## **5.- APROBACION, SE PROCEDE, DA MODIFICACION DO REGULAMENTO DO SERVICIO PUBLICO DE AUTOTAXIS DO CONCELLO DE RIBADAVIA.-**

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Servicios Municipais, Medio Rural e Deportes de data 22 de Decembro de 2015, co seguinte tenor literal: "Intervén o Sr. Presidente da Comisión para dar conta da proposta da Alcaldía, que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:" **JOSE IGNACIO GOMEZ PEREZ**, Alcalde do Concello de Ribadavia, ten a ben presentar ao Pleno en relación co Regulamento do Servizo público de autotaxis do Concello a seguinte proposta:

**PRIMEIRA.-** Modificar o Regulamento do Servizo público de autotaxis do Concello de Ribadavia, de acordo co texto que de seguido transcríbese:

1º.- No artigo 1, engadir como normativa de aplicación a Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.

2º.- No artigo 2, engadir un apartado g) no que estableza "áquelas outras que veñan establecidas na Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia".

3º O artigo 11, quedará redactado do seguinte xeito: " Deberá coñecer exactamente as tarifas vixentes aprobadas polo organismo competente en esta materia".

4º O artigo 33, quedará redactado do seguinte xeito: " Establecese unha parada fixa, sen perxuízo da modificación da mesma a traves dos trámites regulamentarios, que se situa na rúa Martínez Vázquez, dende o cruce coa rúa Progreso ata o núm. 11 da referida rúa."

5º O artigo 46, quedará redactado do seguinte xeito: " A tarifa oficial do servizo é a sinalada polo organismo competente ben do Estado ou da Consellería competente en materia de transportes de vehículos de transportes".

6º No artigo 50, engadir o seguinte: "debendo suxeitarse en todo caso o establecido no artigo 6 da Lei 4/2013, do 30 de maio ou a normativa que a substitúa. Con carácter excepcional estarase o establecido na disposición transitoria cuarta da referida lei en canto as licencias de taxi preexistentes".

7º O artigo 53 quedará redactado do seguinte xeito: " As licencias municipais de autotaxi, réxense polo preceptos contidos no Real Decreto 763/1979, do 16 de marzo; a Lei 4/2013 do 30 de maio e demais lexislación complementaria que sexa de aplicación".

8º No artigo 61 engadir o seguinte: " Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia ou normativa que a substitúa".



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

9º No artigo 64, onde dia "Comisión de Goberno", debe dicir "Xunta de Goberno Local".

10º No artigo 73, onde dia "Comisión de Goberno", debe dicir "Xunta de Goberno Local".

11º A disposición transitoria, Unica, quedará redactada do seguinte xeito: "No que non estea previsto no presente Regulamento, que dependen sempre, en todo caso, das normas de rango superior estase ó disposto no Real Decreto 763/1979, do 16 de marzo; a Lei 4/2013 do 30 de maio e demais lexislación complementaria que sexa de aplicación e que substitúa a anterior".

**SEGUNDA.** Someter a devandita modificación do Regulamento do Servizo público de autotaxis do Concello de Ribadavia a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerárase aprobada definitivamente sen necesidade de Acordo expreso polo Pleno.

**TERCEIRA.-** Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo definitivo que, unha vez transcorrido o período de exposición pública proceda que se adopte, así coma o texto do Regulamento, cúa publicación conterà o texto completo do mesmo".

O membro de Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes, Don Manuel Vázquez López, dada a súa condicións de taxista non procede a votar o asunto, dado o seu posible interes directo no mesmo.

De seguido o Sr. Presidente somete a votación a proposta presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, dous (P.S.O.E.); reservanse para o Pleno os membros do P.P., B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común. Por conseguinte por maioría simple fica ditaminada favorablemente".

Intervén o Sr. Vázquez López, para dicir que a modificación do Regulamento ven determinado por unha proposta que presentou o seu grupo; dí que esta modificación pretende adaptar a normativa a lexislación vixente, en especial a nova normativa da Xunta de Galicia, indicando que esto será beneficioso para o sector.

O Sr. Fidalgo Martínez e o Sr. Fernández Gil, sinalan o apoio dos seus respectivos grupos e dín que é unha cuestión técnica que trata de adaptar o existente a normativa vixente.

O Sr. Collarte Pérez, fai fincapé que esto trae causa dunha proposta de declaración de caducidade e amortización de varias prazas de autotaxi, polo que solicita que este expediente se faga con todas a cautelas e garantías fixada na lei.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

O membro de Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes, Don Manuel Vázquez López e Don Celso Sotelo Barroso, membro do grupo municipal do P.P., dada a súa condicións de taxista, abandonan o salón de sesión e polo tanto non proceden a votar o asunto, dado o seu posible interese directo no mesmo.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita proposta, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, dez (P.S.O.E., P.P. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común); abstención, unha (B.N.G.).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a referida proposta de modificación da ordenanza.

## **6.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES NA REDE DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.-**

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Cultura de data 22 de decembro de 2015, co seguinte tenor literal: "Interven Sra. Presidenta da Comisión para dar conta dun escrito da Secretaria Xeral de Política Lingüística, no que solicita o nomeamento dun representante na Rede de dinamización lingüística, propoñendo de seguido a Concelleira, Dona Maria López Touza.

De seguido o Sr. Presidente somete a votación a proposta presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, catro (P.S.O.E., Agrupación de Electores Ribeiro en Común e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reservanse para o Pleno os membros do P.P. e B.N.G.. Por conseguinte por maioría absoluta fica ditaminada favorablemente".

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para sinalar o apoio a proposta xa que lle parece razoable que represente o Concello a persoa que ten a responsabilidade en materia de cultura; dí que descoñece para que sirva dita rede e que actividades desenrola, así como tamén solicita que se cumpra coa normalización lingüística nos diversos departamentos do Concello, en concreto, fai referencia a Policía Local, algún informe de Secretaria e a propia páxina web.

O Sr. Collarte Pérez, anuncia a súa abstención xa que é unha cuestión do goberno; dí que anque non é unha responsabilidade do Concello se fagan xestións para que a única emisora que emite en Ribadavia, realice os seus programas en galego.

O Sr. Fernández Gil, manifesta o mesmo argumento que o Sr. Collarte Pérez para fundamentar a súa abstención; en canto a rede dí que o Concello adheriuse en virtude dunha proposta do seu grupo no ano 2013, indicando que a través deste organismo promovose o uso da lingua galega entre os máis cativos así como programanse no Concello diversas actividades culturais sen custe algún.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Intervén o Sr. Alcalde, para dicir que o tema da páxina web está en vías de solución; en canto os temas da rede, indica que a concelleira dará conta periodicamente de todas as actividades programadas así como das decisións que se adopten na mesma; en canto o tema da emisora da radio dí que lle dará traslado da queixa manifestada.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita proposta, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E., Agrupación de Electores Ribeiro en Común e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); abstención, seis ( P.P. e B.N.G.).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a referida proposta.

## **7.- MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

O Sr. Alcalde presenta a seguinte moción de urxencia:

" Dado que ven de ser aprobado polo Consello de Xunta de Galicia unha addenda o Convenio que regula os Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES), e dado que a súa vixencia comenza o vindeiro 1 de xaneiro, propón o Pleno a adopción do seguinte acordo:

**UNICO.-** A adhesión do Concello de Ribadavia a Addenda ao Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para a creación e implantación dos grupos de emerxencias supramunicipais (GES)".

De seguido sometese a votación a urxencia da moción presentada, obtendose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

Intervén o Sr. Vázquez López, para sinalar que os GES prestan unha labor importante no Concello e incluso na comarca do Ribeiro, labor que nalgúns casos non é valorada suficientemente, dí que se está aprobada polo Consello da Xunta esto non ten volta atrás, polo que o seu grupo vai a apoiar a moción presentada.

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para anque sexa tarde agradecer a información facilitada; dí que o seu grupo vaise abster xa que non tivo tempo de estudar o convenio, nin pensa que sexa este o momento de presentar outras alternativas o tema das emerxencias.

O Sr. Collarte Pérez, solicita unha explicación do tema para poder ter unha base para pronunciarse.

O Sr. Fernández Gil, manifesta o apoio do seu grupo a moción presentada basándose en que dito convenio foi negociado pola Xunta, Deputacións e a Fegamp, este último organismo que representa os Concellos.

O Sr. Iglesias Sendin, anuncia o voto a prol do seu grupo por responsabilidade non por convencimento, xa que entende que Ribadavia debe ter un mellor trato, así nota



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

en falta máis persoal e o feito que o persoal adscrito non esté clasificado por categoriais, cuestións estas que o Concello alegou no periodo de exposición pública, polo que espera que no tempo se corrixan.

De seguido sometese a votación a moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, once (P.S.O.E., P.P. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); abstencións, dúas (B.N.G. e Agrupación de Electores, Ribeiro en Común).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a moción presentada.

### **ROGOS E PREGUNTAS.-**

Polo concelleiro de Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes, o Sr. Vázquez López fórmulanse os seguintes rogos e preguntas:

**ROGO.-** Reiterar o tema da limpeza do barrio da Estación cuio acceso atopase cheo de folla, o igual que a rúa Alvaro Cunqueiro. Tamén roga se proceda a colocar o proxector de luz na zona da Estación de Autobuses.

**PREGUNTA.-** En relación co polideportivo interesalle saber a que se deben as facturas da empresa Eulen que aparecen relacionadas en diversas resolucións da Alcaldía.

Resposta o Sr. Alcalde: E a empresa encargada dos servizos polideportivos a que contrata os monitores das diversas actividades.

O Sr. Vázquez López, solicita que se estudie a contratación do persoal por parte do Concello e así se lle dé traballo as persoas de Ribadavia.

Polo concelleiro da Agrupación de Electores Ribeiro en Común, o Sr. Fidalgo Martínez fórmulanse os seguintes rogos e preguntas:

**1º ROGO.-** En relación con diversos acordos da Xunta de Goberno Local, solicita a que se refiren os seguintes:

- Xunta de Goberno de data 30.11.2015, escrito oficial do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Ourense, así como tamen solicita ampliación do prazo concedido para solicitar subvención para o ARI.

- Xunta de Goberno de data 14.12.2015, escrito oficial de Aqualia sobre un verquido na zona de Ventosela, así como escrito sobre contencioso-administrativo presentado pola empresa Auto Industrial.

- Xunta de Goberno de data 28.12.2015, sobre contrato menor adxudicado a empresa Moenergía, interesalle saber a estimación de aforro.

O Sr. Alcalde en canto a xunta de goberno de data 30.11.2015 sinala que se trata dun recurso contencioso-administrativo ganado polo Concello contra unha reclamación de Allianz derivada dunha taxa de protección civil; en canto as subvencións do ARI dí que non hai inconvinte en prórroga prazo se ben ata agora non lle constan solicitudes;





*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

en canto a xunta de goberno de data 14.12.2014 di que o escrito de Aqualia refírese a unha denuncia entre particulares referido a un verquido a unha finca particular e o do auto Industrial é un recurso que presentou ante a Xunta por un tema de cambio de itinerarios; en canto o contrato menor formalizado coa empresa Moenergia tratase da realización de traballos de asistencia e colaboración na comprobación e inspección (revisión técnica da facturación e revisión do consumo enerxético) da empresa subministradora de enerxía eléctrica, indicando que a empresa fala dunhas cantidades que o seu xuízo parecen excesivas.

**2º ROGO.-** Reitera o xa manifestado en derradeiros plenos e na comisión informativa relativo o peche con unha cadea ou similar o camiño que vai dende a Veronza ata o desenvocadura do río Avia, xa que tratase dunha zona que acaba de arranxarse cunha inversión importante do Concello e que debido o paso de coches estase a deteriorar considerablemente.

**3º ROGO.-** Rogaríalle o Sr. Alcalde se proceda a implementar a moción aprobada por este pleno relativa o regulamento de participación cidadana.

**4º ROGO.-** Pon en coñecemento da Alcaldía a existencia de dous vertedoiros incontrolados na zona da Quinza e a Escola de San Paio, co obxecto de que se tomen medidas.

**1ª PREGUNTA.-** Interesalle saber cál é a situación legal das casetas de madeira existente na estrada do Consello ata a Quinza.

Resposta o Sr. Alcalde: E unha situación problemática cunha persoa, sendo está unha cuestión que está en mans dos servizos sociais.

**2ª PREGUNTA.-** O pasado 3 decembro presentouse no Concello un escrito asinado por dez praceiros no que solicitan unha reunión co Alcalde, empresa constructora, arquitecta municipal e persoal de limpeza para tratar diversos asuntos relacionados coa praza de abastos, polo que solicita que dita petición sexa atendida.

Resposta o Sr. Alcalde: E certo que pediron esa reunión pero tamén é certo que moitas das peticións que realizaron foron atendidas; dí que a todas luces a praza mellorou moito nestes derradeiros anos, pide tempo para atender as peticións se ben hai cousas que son difíciles de corrixir pola propia fisonomía do edificio.

Polo concelleiro do BNG, o Sr. Collarte Pérez fórmulanse as seguintes rogos e preguntas:

**1º ROGO.-** Rogalle o Sr. Alcalde que se de cumprimento os diversos acordos plenarios, en concreto relaciona o estudo de viabilidade económica do servizo de abastecemento e saneamento, o arranxo da fontes, arranxo de camiño de Santa Cristina así como algún relativo a impostos e taxas.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Intervén o Sr. Alcalde para sinalar que o informe relativo o tema da auga atopase a punto de rematar, en canto as fontes algunha reparouse e en canto a pista cara Santa Cristina o concelleiro responsable xa o explicou indicando que o seu retraso ven motivado polo incumprimento da Deputación provincial.

**2º ROGO.-** Roga se proceda a reparar o alumado da zona da Quinza.

**1ª PREGUNTA.-** En relación co contrato menor aprobado na derradeira Xunta de Goberno, interesalle saber que é o que se pretende aforrar.

Resposta o Sr. Alcalde: tratase da realización de traballos de asistencia e colaboración na comprobación e inspección (revisión técnica da facturación e revisión do consumo enerxético) da empresa subministradora de enerxía eléctrica, indicando que a empresa fala dunhas cantidades que o seu xuízo parecen excesivas.

**2ª PREGUNTA.-** En relación co Consorcio de Bombeiro de Carballiño-O Ribeiro, que dias pasado foi disolto interesalle saber que vai a pasar co mesmo e coa debida que ten o Concello con ese organismo.

Resposta o Sr. Alcalde: Di que dito organismo nunca chegou a funcionar, se ben construíuse unha nave e mercaronse os camions; dí que agora creárase outro organismo e que o Concello solo aboará a súa aportación cando sexa operativo o servizo.

**3ª PREGUNTA.-** Interesalle saber cál é valoración do Alcalde do servizo de recollida de animais que está a prestar a Deputación Provincial.

Resposta o Sr. Alcalde: E unha valoración positiva, se ben mellorable sobre todo no tema das canceiras; dí que dito servizo solo se utiliza polo Concello ante animais potencialmente perigosos e que a asociación segue facendo o ben o seu traballo.

Polo concelleiro do P.P., o Sr. Fernández Gil fórmulanse as seguintes preguntas:

**ROGO.-** Rogaríalle o Sr. Alcalde a que proceda a encintar o muro da Veronza vella, cuestión está que o seu grupo leva reclamando dende que se rematou a obra.

**1ª PREGUNTA.-** En relación con diversos acordos da Xunta de Goberno de data 16.11.2015, interesalle saber a que se refire un expediente de transferencia de créditos nº 1/2015 por importe de 75.005 euros e o expte. de xeración de créditos nº 10 por importe de 18.500 euros.

Resposta o Sr. Alcalde: O primeiro referise a remanentes do capítulo I, que se adicaron o aboamento do 25% da paga extraordinaria suprimida no ano 2012; en canto o segundo refírese a maiores ingresos para a Mostra Internacional de Teatro.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

**2ª PREGUNTA.-** Tendo constancia de queixas de usuarios do servizo de musculación do Concello interesalle saber por que non hai monitores neste servizo.

Resposta o Sr. Alcalde: No Concello non recibiron queixas, dí que agora acaba de crearse o Consello Consultivo e as mesmas podense canalizar a traves deste organismo, non obstante fara as averiguacións oportunas.

**3ª PREGUNTA.-** Interesalle saber cando se vai a traer o pleno o orzamento para o ano 2016.

Resposta o Sr. Alcalde: Por motivos familiares do Sr. Concelleiro non se trouxo antes, indicando que no vindeiro mes de xaneiro traerase o Pleno.

Polo concelleiro do P.P.,o Sr. Sotelo Barroso formúlanse os seguintes rogos:

**1º ROGO.-** Rogaríalle o Sr. Alcalde que se de máis publicidade a gratuidade da primeira hora do aparcamento soterrado.

**2º ROGO.-** Que se proceda a reparar os baches na estrada de acceso a Estación de autobuses.

**3º ROGO.-** Que se adopten medidas cos cans potencialmente perigosos para que vaian con bozal e atados.

**4º ROGO.-** Que se proceda a cortar as herbas na rúa Extramuros, na zona da Madalena cara abaixo.

**5º ROGO.-** Que se proceda a colocar as fotos do Rei na salón de Plenos do Concello, xa que é o xefe de Estado e debe presidir o salón.

Intervén o Sr. Alcalde, para dar a palabra o Concelleiro Don Anxo Collarte Pérez, o cál de seguido presenta o Pleno o escrito que de seguido transcríbese: “D. Anxo Collarte Pérez, con DNI n.º 76725082A, comunica os seguintes feitos, en virtude do artigo 182 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réximen Electoral Xeral, EXPONE: Que con data 24 de maio de 2015 celebráronse as eleccións municipais nas que el acadou formando parte da Lista do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas abertas.

Que o seu partido obtivo el 12,12% de votos, y por lo tanto, 1 Concelleiro.

Que tomou posesión do seu cargo o día 13 de xuño de 2015, tras cumprir coas obrigas impostas pola Lei 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral.

Que por motivos persoais, quere deixar de ocupar o posto que ocupaba no Concello de Ribadavia.

Por todo o exposto,**SOLICITO**



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Que se tome coñecemento da miña renuncia o cargo de Concelleiro que ostento nestes momentos no Concello de Ribadavia, polo Pleno de dito Concello. En Ribadavia, a 29 de decembro de 2015."

Continúa dicindo que a razón que o leva a presentar a dimisión é que non ten o tempo que merece a dedicación a este cargo público e pensa que a persoa que vai a entrar pode mellorar o seu traballo; desexa moita sorte a todos e agradece o traballo de todo o persoal do Concello, manifestando os presentes que sempre estará ahi para o que necesiten. Finaliza a súa intervención dicindo que tamén presenta a renuncia dos núm. 2 e 3 da lista, polo que o concelleiro que o substituirá será Don Jacobo Garcia Soto.

Intervén o Sr. Fernández Gil, para manifestar no nome do P.P. e no seu propio o agradecemento pola súa labor no Concello, para recalcar o seu talante constructivo a pesar das naturais discrepancias, sinalando que foi un placer traballar estes anos con el.

O Sr. Vázquez López, quere resaltar o talante constructivo e afable do Sr. Collarte Pérez, di que é unha magoa non poder coincidir máis tempo e que o Concello ten que recoñecer a labor desenvolvida durante estes anos.

O Sr. Fidalgo Martínez, quere suliñar que é unha mala noticia para o Concello; dí que Anxo ten todas as cualidades que debe ter un bo político e estaba chamado a liderar unha alternativa neste Concello. Finaliza a súa intervención agradecendo o seu bo traballo o longo destes anos e o seu trato humano.

Intervén o Sr. Iglesias Sendin, para dicir que para él é unha sorpresa, sinala que sempre tivo unha boa relación persoal e a nivel institucional chegou bos acordos para o Concello de Ribadavia; continúa dicindo que se vai un bo compañeiro e un bo amigo, dandolle as grazas por todo.

Intervén o Sr. Alcalde, para dicir que como non podía ser doutra maneira respeta as decisións persoais, dí que é unha mala noticia para o Concello, agradece os anos de traballo, tanto dende goberno como dende a oposición, dí que lle houbera gustado que neste mandato se houbese sumado o grupo de goberno, se ben no poido ser. Finaliza a súa intervención desexandolle o mellor na súa vida persoal e profesional.

De seguido o Pleno do Concello toma coñecemento do escrito presentado aceptando a súa renuncia e, acordando ó efecto que se tramite o correspondente expediente instando da Xunta Electoral Central a designación do candidato que corresponda da lista do Bloque Nacionalista Galego.

Concluído o anterior, ás nove e dez da noite, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia rematouse a sesión no lugar e data ao principio sinalados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*